



ARTE

In memóiriam de Manuel Gulín Rodríguez

O Centro cultural José Domínguez Guizán, co patrocinio do Concello de Begonte, convoca o

XXXVI CERTAME GALEGO DE ARTE “JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN”

de acordo coas seguintes BASES:

1. O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Arte está dotado con 2.000 € (*) e trofeo.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo xurado cualificador, que estará formado por especialistas na materia, xunto con representantes do Centro convocante.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores/as galegos/as (nados/as en Galicia ou residentes habituais) cun tamaño máximo de 1,5 m por 1 m, con ou sen marco.
4. Cada autor/a poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor/a.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas (libres de gastos) ao Centro Cultural de Begonte na dirección postal: Barrio de Quitimil 2, 27373 Begonte (Lugo).
6. O prazo de presentación rematará ás 12:00 h do día 25 de decembro de 2025.
7. O xurado seleccionará de entre as obras presentadas a gañadora do certame, que quedará en propiedade da entidade convocante. Así mesmo, o xurado poderá conceder as mencións de honra, dotadas con cadanseu diploma, que estime convenientes.
8. As obras non premiadas serán devoltas libres de gastos ao enderezo que indiquen.
9. A entrega dos premios efectuarase no acto de clausura do Belén Electrónico de Begonte.
10. As obras presentadas, ou unha selección, serán expostas na sala da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo e na Casa da Cultura en Begonte.



PREMIO ESPECIAL NOVOS VALORES en colaboración coa Galería de Arte Nova Rúa, de Lugo

Outorgarase este Premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN “Novos valores” á obra que o xurado seleccione entre os traballos presentados por autores/as menores de 18 anos.

O Premio consistirá nun diploma acreditativo do galardón, e un lote de material de pintura doado pola Galería de Arte Nova Rúa. Ademais, esta Galería organizará unha exposición con obra do/a premiado/a, para difundir o seu traballo e animalo/a a continuar no seu labor artístico. A obra premiada pasará a formar parte da futura Pinacoteca do Belén.



POESÍA

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co fin de potenciar o espírito do Nadal e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o

L CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexer polas seguintes bases:

1. Poden participar todos/as os/as poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o do Nadal, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 1.000 € (*) e trofeo.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 500 € (*) e diploma.
6. A remisión de orixinais farase ao correo electrónico info@belendebegonte.es en dous arquivos: un co traballo poético a concurso e outro identificado como Plica, co título do traballo, no que figurarán os datos persoais do/a autor/a, que só será aberto no caso de resultar premiado/a con algún dos premios instituídos ou coas mencións que, no seu caso, acorde conceder o xurado.
7. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado ao Centro Cultural convocante, pode facelo antes das 12:00 h do 6 de xaneiro de 2026 na seguinte dirección postal: Barrio de Quitimil 2, 27373 Begonte (Lugo).
8. A entrega dos premios efectuarase no acto de clausura do Belén Electrónico de Begonte.



XORNALISMO

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o

L CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

que se vai rexer polas seguintes bases:

1. Pode tomar parte neste certame quen publique, en calquera xornal, revista ou en Internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos nos que se faga referencia ao Nadal en Begonte e en xeral ao Nadal en Galicia.
2. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 1.000 € (*) e trofeo.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 500 € (*) e diploma.
3. A remisión de orixinais que se presenten ao certame hase facer ao correo electrónico info@belendebegonte.es, antes das 12:00 h do día 6 de xaneiro de 2026, indicando os datos do/a autor/a.
4. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado ao Centro Cultural convocante, pode facelo no prazo que se indica na seguinte dirección postal: Barrio de Quitimil 2, 27373 Begonte (Lugo).
5. A entrega dos premios efectuarase no acto de clausura do Belén Electrónico de Begonte.

(*) A estes importes aplicaráselles a correspondente retención do IRPF.



DEBUXO INFANTIL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da CAIXA RURAL GALEGA, co fin de potenciar o espírito do Nadal entre os nenos, convoca o

L CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE “O NADAL”

de acordo coas seguintes bases:

1. Poden concorrer todos os nenos e nenas, ben a través dos seus centros educativos, ben de xeito individual.
2. Establécense tres categorías:
 - A. Ata 3.º curso de Educación Primaria.
 - B. De 4.º a 6.º curso de Educación Primaria.
 - C. De 1.º a 4.º curso de ESO.
3. Para cada unha destas categorías, concederanse os seguintes premios:
 - 2 primeiros premios, dotados con 60 € e diploma.
 - 3 segundos premios, dotados con 30 € e diploma.
4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico “O Nadal”. O tamaño dos orixinais será como mínimo de medio folio e como máximo de un folio.
5. A presentación dos traballos poderase facer dixitalmente, escaneando o centro educativo os traballos do seu alumnado, debidamente identificados co nome, idade e curso do/a autor/a e remitidos ao correo electrónico info@belendebegonte.es, antes das 12:00 h do día 20 de decembro de 2025.
6. Quen o desexe poderá presentar directamente os traballos a concurso no Centro Cultural convocante ou remitilos por correo certificado dentro do prazo que se indica na seguinte dirección postal: Barrio de Quitimil 2, 27373 Begonte (Lugo).
7. A entrega dos premios efectuarase no acto de clausura do Belén Electrónico de Begonte.



AUDIOVISUAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén electrónico de Begonte, co fin de potenciar o espírito do Nadal e dar a coñecer mellor o dinamismo do Nadal en Begonte, convoca o

II CERTAME AUDIOVISUAL SOBRE O NADAL

que se vai rexer polas seguintes bases:

1. Poden concorrer todas as persoas ou entidades interesadas en participar, con independencia da súa idade e do número de integrantes.
2. A temática xenérica dos traballos ha ser o Nadal, desde calquera punto de vista, mais valoraranse aquelas propostas que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén.
3. A duración máxima do vídeo será de tres minutos e os formatos permitidos son MP4, AVI ou MOV.
4. Establécense dúas categorías:
 - A. INFANTIL: Participantes de ata 14 anos.
 - B. XERAL: Participantes de 15 anos ou máis, ou grupos mixtos (infantil-adulto).
5. Para cada unha destas categorías, concederanse os seguintes premios:
 - 1 PRIMEIRO PREMIO, dotado con 250 € e diploma.
 - 1 SEGUNDO PREMIO, dotado con 100 € e diploma.
6. A presentación dos traballos farase dixitalmente, enviando a info@belendebegonte.es o arquivo de vídeo debidamente identificado co título e datos da persoa/entidade responsable, así coma o nome e a idade dos participantes, antes das 12:00 h do día 6 de xaneiro de 2026.
7. Os vídeos gañadores serán os dous máis votados de cada categoría no Facebook do Belén de Begonte ata o 11 de xaneiro de 2026.
8. A entrega dos premios efectuarase no acto de clausura do Belén Electrónico de Begonte.

Calendario de O NADAL EN BEGONTE

14, 21 e 28 de novembro de 2025

Cursiño audiovisual para rapaces do Ceip de Begonte, impartido por Begoña Pérez

29 de novembro de 2025

18,00 h Salón de actos do Centro Cultural-Belén
Pregón de O NADAL EN BEGONTE, a cargo de José López Campos, Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia
Actuación musical de solistas das “Escolas mancomunadas de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol”
Presentación do libro MEDIO SÉCULO DE POESÍA GALEGA SOBRE O NADAL
Inauguración da LIV edición de O Belén de Begonte, e das obras de renovación do Museo do Belén “José Rodríguez Varela”.

1 de decembro de 2025

13,00 h Igrexa parroquial de Begonte
Misa polos amigos do Belén de Begonte falecidos

14 de decembro de 2025

17,00 h Actuación de “Os Bolechas” (Concello de Begonte e Xunta de Galicia)

20 de decembro de 2025

Fin de prazo de presentación dos traballos para o **L Certame de Debuxo Infantil**

20 e 21 de decembro de 2025

Pza. Irmáns Souto Montenegro e arredores
V Mercado de Nadal organizado polo Concello de Begonte

25 de decembro de 2025

Fin do prazo de presentación de obras para o **XXXVI Certame Galego de Arte**

29 de decembro de 2025

Sala de exposicións da Delegación Territorial da Xunta de Galicia
Inauguración da exposición de obras presentadas ao **XXXVI Certame Galego de Arte**

6 de xaneiro de 2026

Fin do prazo de entrega de traballos para os certames **L Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, L Certame Xornalístico “Begonte e o Nadal” e II Certame Audiovisual sobre o Nadal**

15 de xaneiro de 2026

Casa da Cultura de Begonte
Inauguración da exposición das obras presentadas ao **XXXVI Certame Galego de Arte**

31 de xaneiro de 2026

17:00 h Salón de actos do Centro Cultural-Belén
Entrega de premios dos certames culturais
Clausura de actividades e actuación musical de solistas das “Escolas Mancomunadas de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol”

C E R T A M E S N A D A L 2 0 2 5 - 2 6

Diego As e o BELÉN DE BEGONTE

Para nós, e para moitos, o mellor muralista do mundo, Diego As, chama co seu mural cara ao Belén. De neno, a Diego o seu avó levábao visitar o Belén de Begonte. Avó e neto quedan reflectidos no gran mural situado á beira da N.VI, ao seu paso por Begonte do Belén.



E agora, un novo mural no frontispicio do edificio do Belén, sinala o punto de referencia e de destino. Velaquí o Belén de Begonte; a vosa casa.



Anacos do Belén

O escultor César Lorenzana ten situado nas dezanove parroquias do concello de Begonte cadansúa escultura esculpida con motoserra, para reflectir outros tantos anacos do Belén, fitos nos camiños que conducen á capital do concello, á Casa do Nadal onde os viaxeiros atoparán o Belén, un dos símbolos sobranceiros do Nadal en Galicia. Neste enlace, a creadora audiovisual Belén Mendaña achéganos a este conxunto de Anacos,

que respaldan o proxecto de que o Belén sexa declarado de Interese Turístico Nacional:

<https://youtu.be/63RNRppGaKM?feature=shared>



ALBA DE GLORIA DO BELÉN DE BEGONTE



- | | | |
|---------------------------|---------------------------|----------------------------|
| 1. J. A. o Alemán | 9. Dionisio Varela | 18. José Ulla |
| 2. Ramiro Cruz | 10. Jesús Sangiao | 19. Milagros Domínguez |
| 3. Pilar Gómez | 11. José Luis Varela | 20. Mons. Francisco Prieto |
| 4. Mons. Alfonso Carrasco | 12. José Rodríguez | 21. Manuel Fraga |
| 5. José Domínguez | 13. José Luis Hernandóñez | 22. Alberto N. Feijóo |
| 6. Pilar Rodríguez | 14. Antonio Gómez | 23. Mons. Fernando García |
| 7. Alfonso Rueda | 15. Xulio Xiz | 24. Alfonso Lamas |
| 8. Teté Cruz | 16. Carlos Torres | 25. José R. Varela |
| | 17. Jesús Domínguez | |

Lotería do Belén

Xa están á venda participacións da LOTERÍA DO NENO nos números 30.739 e 40.394.

Nas artipacións aparece o debuxo de SOFÍA ABUÍN GÓMEZ, alumna de 2.º de E. Primaria do Ceip de Begonte, gañadora dun dos primeiros premios de debuxo infantil sobre O Nadal, no Certame do Belén.



30.739 - 40.394

O portador xoga **DOUS EUROS** en cada un dos números indicados para o sorteo do día 6 de xaneiro de 2026. O DEPOSITARIO.

0000

Xoga 4 €
Donativo 1 €
TOTAL 5 €

CADUCA ADS TRES MESES. No caso de premio, o importe será aboado nas oficinas do Grupo de empresas Luis Iglesias (Rábade). Se algún dos números fose agraciado co reintegro, agradeceremos devolvelo o seu importe a beneficio do Belén. No caso de premio, aplicárase a retención sinalada pola Lei, e no caso da fracción especial, repartírase proporcionalmente.



Centro Cultural
José Domínguez Guizán



//ABANCA



Horario de visitas

- Do 30 de novembro ao 19 de decembro 2025: Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Do 20 de decembro 2025 ao 6 de xaneiro 2026: Todos os días, de 11:00 a 13:00 e 16:00 a 19:00 h.
- Do 7 ao 25 de xaneiro 2026: sábados, domingos e festivos, de 16:00 a 19:00 h.

Para visitas colectivas: concertar cita previa no teléfono 649 096 133 - 686 154 559



Máis información sobre o Belén e as súas actividades pode obterse na web <https://www.belendebegonte.es>

Por unha cota anual de 20 €, os visitantes poden facerse AMIGOS DO BELÉN, cubrindo os seus datos no formulario de inscrición que terán á entrada.

O NADAL EN BEGONTE

LIV EDICIÓN
2025-2026

BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE



Declarado de Interese
Turístico Galego pola

